

REQUEIXO, Armando (2014): *Mondoñedo literario*. Lugo: Deputación, Servizo de Publicacións, 210 pp.

Armando Requeixo Cuba (Mondoñedo, 1971), profesor e crítico literario, autor de monografías, edicións e estudos introdutorios, adicou gran parte da súa vida á loita pola literatura e a lingua galegas no ámbito académico, tanto a través da súa obra coma das súas ocupacións formando parte de colectivos tales a Sección Crítica da AELG, a Asociación Española de Críticos Literarios e o Centro PEN Galicia. Activo hoxe, *Mondoñedo literario* supón unha das súas derradeiras publicacións, símbolo por outra banda da súa constante preocupación pola cultura galega e, máis en concreto, pola do seu pobo natal.

Nunha moi manexábel edición, decorada nada menos que coa pintura de Xosé Vizoso, as 210 páxinas desta obra conteñen unha amalgama de textos do propio Armando Requeixo relativos a diferentes persoeiros da súa terra coa fin de presentar un “espello da literatura mindoniense”; unha recopilación de escritos seleccionados de acordo coa temática e comprendidos entre os anos 1991 e 2014, a fin de contas. Aínda que proceden de fontes moi diversas, tanto impresas coma dixitais, a meirande parte dos documentos reunidos foron extraídos de *Criticalia*, volume publicado no ano 2011 que recolle moita da escrita de Armando Requeixo como comentarista, e do seu blogue homónimo na rede. Tamén hai comprendidos neste exemplar textos inéditos ata o momento da súa publicación.

Mondoñedo literario é un proxecto que procura unificar nun só volume datos sobre a longa cadea de literatos que viviron no amplo período de 1854 ata 1969 nesta terra, xa a modo de compendio de información práctica como de homenaxe. Así o xustifica o mesmo Requeixo no Limiar que precede ao groso da obra, texto introdutorio que, amais dos agradecementos e invitacións á lectura, explica a estrutura da mesma, é dicir, a organización

dos comentarios arredor dos autores, igualmente ordenados cronoloxicamente. En canto ao estilo, esta primeira parte do libro serve de mostra para o que virá despois; nela prima unha redacción informal e sinxela, porén precisa, que apela ao lector e busca chegar a este e contaxiarlle o seu interese e preocupacións máis transcendentais. Baixo ningún concepto é un texto enciclopédico ou un manual: o autor non busca profundizar nos temas que formula cun afán teórico nin didáctico, senón periodístico. Son comentarios accesíbeis a todos, case en forma de apelación directa; mencións que profesan unha fonda admiración polo tema e o autor ou autora homenaxeados, e ata podería dicirse que polo lector que accede a eles.

Así, disposto por autores en lugar de capítulos, o libro contén textos relativos a Manuel Leiras Pulpeiro (1854-1912), Antonio Noriega Varela (1869-1947), Eduardo Lence-Santar (1879-1960), Xosé Díaz Jácome (1910-1998), Álvaro Cunqueiro (1911-1981), Ricardo Pedreira (1928-2013), Xosé Ruiz Leivas (1931), César Cunqueiro (1941), Marina Mayoral (1942), Luís Enrique Cabanela (1945), Félix Villares (1947), Antón Meilán (1950), Francisco Piñeiro (1956), Antonio Reigosa (1958), Xe Freyre (1962), Isabel Morán (1969) e unha “silva mindoniense” que fala de Castelao e Rosalía en relación coa literatura da terra, a prensa da localidade focalizada na revista *Amencer*, o grupo “Chaira”, a Escola Etnográfica Mindoniense e a creación poética contemporánea do lugar. Finaliza cun amplo apéndice bibliográfico que inclúe monografías e edicións, artigos e recensións en revistas especializadas e non especializadas, webgrafía e posts en *Criticalia*.

Non é, como xa se dixo, un libro importante unicamente polo seu contido teórico senón documental, aínda que achegue unha enorme cantidade de títulos, fontes e recursos para profundizar neles, e información de difícil acceso

ou detalles descoñecidos. Requeixo non se limita a dar pinceladas biográficas de cada autor: de distinta dimensión segundo de quen fale, hai comentarios sobre as obras, recensións de libros publicados, contido histórico, celebracións de aniversarios, información sobre descubrimentos inéditos, partes de correspondencia, etc. A diversidade é temática, mais tamén material. Cada autor aparece precedido do seu retrato e abundan nas páxinas fotocopias de manuscritos, fragmentos de obras poéticas e prosísticas, partes de entrevistas, de discursos, fotos,... Unha obra na que se achan formatos tan variados faise moi grata á lectura, alén de saír da tipicidade propia dos libros sobre literatura e xeografía; é, coma o título da última parte do exemplar, “Varia Silva”, non entanto ordenada e moi coidada estruturalmente. Pero é que cada unha das partes está completamente documentada coa data, fonte e orixe con total precisión. A riqueza material é absoluta, especialmente de cara ao acceso a pormenores dos autores descoñecidos e á súa relación con Mondoñedo, ideas que se cadra non se tiveran tanto en conta pola lectura xeral que se fai deles debido á súa importante influencia en toda Galicia. No fondo, o mesmo libro eríxese coma unha homenaxe á terra de Mondoñedo.

Amais da literatura e dos escritores xa mentados, os temas máis recorrentes no libro son a importancia do galego e a da herdanza literaria existente en Mondoñedo, á que o autor se

refire coma se configurase practicamente unha “estirpe”. Fala tamén Requeixo en numerosas ocasións do seu medo á perda da tradición oral por mor das novas tecnoloxías e, por tanto, de toda a cultura que nesta se comprende. Estes tres pilares son fundamentais para a caracterización do libro, xa que xunto co estilo e a organización, fan que saia do mero compendio, conectándoo coa actualidade. Os comentarios sobre os autores non son illados, a óptica sempre parte do presente; é un estudo de todo diacrónico e apelativo, que incita á reflexión e, noutras palabras, está vivo. De igual xeito son ideas que están completamente integradas na misión que suxire o libro, e fan desta unha obra moi coherente. Que estea en galego e fale desa “estirpe mindoniense” é claro, mais o que Armando Requeixo fai en *Mondoñedo literario* é unha busca e apuntamento de todos eses datos que, de non figurar na literatura, poderían perderse para sempre. En forma de libro, o autor emprende unha loita persoal co seu medo ante a perda de tradición co detrimento da cultura oral e avanza no camiño do seu vencemento. Por medio destas páxinas asístese á consecución dun logro en favor da historia, da literatura, da lingua e da cultura ante a ameazante e inabordable realidade contemporánea.

María Isabel GÓMEZ RODRÍGUEZ
 Universidad Complutense de Madrid
 mgomez16@ucm.es